

OFERTA FORMATIVA DA ESO

Curso 2026-2027

- 
- 
- Cadros dos itinerarios da ESO
 - Descritores de materias de opción e optativas

J. Martín Sarmiento



Materias 1º ESO (Curso 2025/26)

HORAS	MATERIAS
3	Lingua Galega e Literatura
4	Lingua Castelá e Literatura
3	1ª Lingua Estranxeira (Inglés)
5	Matemáticas
3	Xeografía e Historia
2	Educación Física
3	Bioloxía e Xeoloxía
2	Educación Plástica e Visual
3	Tecnoloxía e Dixitalización
2	2ª Lingua Estranxeira (Francés)
Elixir unha:	Proxecto Competencial
1	Relixión
1	Titoría

Materias 2º ESO (Curso 2025/26)

HORAS	MATERIAS
4	Lingua Galega e Literatura
3	Lingua Castelá e Literatura
4	1ª Lingua Estranxeira (Inglés)
5	Matemáticas
3	Xeografía e Historia
2	Educación Física
3	Física e Química
2	Música
3	Tecnoloxía e Dixitalización
2	2ª Lingua Estranxeira (Francés)
Elixir unha:	Proxecto Competencial
1	Relixión
1	Titoría

Materias 3º ESO (Curso 2024/25)

HORAS	MATERIAS
3	Lingua Galega e Literatura
3	Lingua Castelá e Literatura
3	1ª LE (Inglés)
4	Matemáticas
3	Xeografía e Historia
2	Educación Física
2	Bioloxía e Xeoloxía
2	Física e Química
Elixir unha:	Relixión
1	Proxecto Competencial
1	Educación en Valores Cívicos e Éticos
2	Educación Plástica, Visual e Audiovisual
2	Música
Elixir unha:	<u>2ª LE (Francés)</u>
3	<u>Cultura Clásica</u>
	<u>Educación Financeira</u>
	<u>Educación Dixital</u>
	<u>Oratoria</u>
1	Titoría



CONSULTA AS MATERIAS OPTATIVAS
CLICANDO SOBRE OS TEXTOS SUBLIÑADOS!!

CULTURA CLÁSICA- 3º/ 4º ESO

Por que estudar Cultura Clásica na ESO?

**Porque nos interesa, porque nos gusta,
porque nos apetece, porque é útil, porque é
parte de nós**

**IMPORTANTE: ESTA MATERIA OPTATIVA
PODES CURSALA EN 3º OU EN 4º DE ESO
(SÓ NUN DOS DOUS CURSOS).**

É posible que o que vas ler parezan demasiadas cousas a un tempo, pero pensa que aquí só ofertamos unha introdución a esta cultura antiga que tanto aporta ao noso mundo actual.



Xa estudaches historia de Galicia, de España, de Europa, do mundo: coñeces a importancia que gregos e romanos coas súas literaturas, colonias, guerras e imperios teñen na historia do mundo enteiro. Moitos dos contidos que investigarás en Cultura Clásica conectan cos de outras materias. Porque aquí atoparás unha introdución a Grecia e Roma, á súa historia, mitoloxía, arte, arquitectura, ciencia, vida cotiá, mesmo ao teatro e á literatura e aos diversos tipos de escrituras antigas que aínda usamos na actualidade.

Porque toda a nosa literatura está influída pola grega e a romana. Isto inclúe novela, poesía, teatro... Pero ademais, todos estas tradicións aparecen tamén no cine, as series de televisión e mesmo nos videoxogos. Cantos máis coñecementos teñas sobre Cultura Clásica, mellor comprenderás moitas destas obras aínda que a relación non sexa sempre evidente.

En resumo, Cultura Clásica é unha materia que resultará moi útil nos teus estudos, na túa cultura xeral e na túa habilidade para comprender e desfrutar mellor do mundo que te rodea mesmo nas túas actividades de ocio.


Se queres máis información sobre a materia, consulta co xefe do departamento do IES Frei Martín Sarmiento.

[Subir](#)

Educación Dixital - 3º ESO

Introdución

Listo para dominar o mundo dixital? Gústache a tecnoloxía e os ordenadores? En **Educación Dixital de 3º ESO**, vas alucinar aprendendo como funcionan os ordenadores, os móbiles e como usalos para crear cousas xeniais. ¡É moi importante para hoxe e para o teu futuro! Esta materia dáche os **coñecementos e trucos** para que non se che resista nada.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

En Educación Dixital imos darlle caña a catro cousas principais:

- **Dispositivos e como funcionan:** Vas entender o teu ordenador, móbil ou tablet por dentro e como ter as túas cousas ben organizadas.
- **Crear contidos dixitais:** Aprenderás a facer documentos, editar fotos, vídeos e traballar cos teus colegas online. E ollo! Tamén aprenderás a respectar os dereitos de autor. Xa veremos que é iso.
- **Pensar coma un ordenador:** Meterémonos no mundo da programación para crear apps sinxelas que solucionen problemas.
- **Ser un crack dixital e seguro:** Aprenderás a protexer a túa info, a evitar movidas chungas como o ciberacoso e a usar internet con cabeza.

O máis importante é que alcances as habilidades para adaptarte aos cambios da tecnoloxía e que te convertas nun cidadán dixital competente, que pensa por si mesmo e responsable.

Que vou facer? Como me van avaliar?

En Educación Dixital imos facer un montón de **traballos prácticos e proxectos**. Aprenderás a:

- Manexar e configurar ordenadores e outros aparatos.
- Crear documentos, presentacións e retocar imaxes.
- Facer pequenos programas informáticos.
- Coidar a túa información persoal en internet.

Para ver o que pillaches, **miraremos como traballas nas actividades e proxectos**, se entendes os conceptos e se sabes usar o que aprendiches.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Esta materia ten que ver con outras onde se usan as mates e a ciencia. O que aprendas aquí servirache para calquera cousa que queiras estudar despois, sobre todo se che mola a tecnoloxía, a informática, a enxeñaría ou o deseño.

Aínda que aquí non vas aprender unha profesión específica, as **habilidades dixitais son importantísimas hoxe en día para moitísimos traballos**, como crear apps, deseñar webs, traballar con ordenadores ou facer vídeos. En resumo, **prepárate para un futuro dixital**.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

- Xefe do Departamento de Tecnoloxía do IES Frei Martín Sarmiento
- Orientador/a do centro
- Profesorado de Tecnoloxía actual

Subir

EDUCACIÓN FINANCEIRA

3º ESO

Que é a Educación Financeira?

A Educación Financeira é unha materia clave para aprender a xestionar o diñeiro de maneira intelixente. Hoxe en día, saber administrar os teus cartos, comprender os aforros, os investimentos e os riscos financeiros é fundamental para garantir un futuro estable e seguro.

Que vou aprender?

- A importancia do aforro e a inversión.
- Como funciona unha conta bancaria e que tipos de produtos financeiros existen.
- Xestores do diñeiro: cartóns de crédito, préstamos e hipotecas.
- Como elaborar un orzamento persoal.
- Os dereitos e deberes dos consumidores.
- Riscos financeiros e como evitalos.

Que vou facer? ¿Como me van avaliar?

- ☒ Actividades prácticas: exercicios sobre xestión financeira e situacións reais.
- ☒ Concursos: participación en retos e simulacións financeiras.
- ☒ Probas escritas: exames e cuestionarios para reforzar os conceptos.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia?

- Ciencias sociais e economía.
- Administración e dirección de empresas.
- Dereito e xestión de empresas.
- Ciclos formativos de comercio, contabilidade e finanzas.

A quen teño que solicitar máis información?

Se queres saber máis sobre a materia, consulta a Jose (josevc@freimartinsarmiento.com), profesor de economía.

**ANÍMATE A APRENDER A XESTIONAR
O TEU FUTURO FINANCEIRO CON
INTELIXENCIA!**



Subir

FRANCÉS - 3º ESO



Introdución

A materia de Segunda Lingua Estranxeira: Francés en 3º e 4º de ESO ten como finalidade proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para comunicarse en francés en contextos básicos, á vez que se fomenta unha actitude aberta e respectuosa cara á diversidade lingüística e cultural. Esta materia ofrécese como optativa no bloque de materias específicas. Para cursar o francés en 3º e 4º de ESO, é recomendable cursar os niveis previos para ter unha base sólida en vocabulario e gramática.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Aprender un idioma é como abrir unha porta a un mundo novo. É moito máis que memorizar palabras e regras gramaticais; é aprender a comunicarte, entender outras culturas e ver o mundo desde unha perspectiva diferente. E non se trata só de falar perfectamente. Trátase de atreverse a tentar, cometer erros e aprender deles. Cada vez que te equivocas, estás un paso máis preto de dominalo.

Que vou facer? Como me van avaliar?

A materia trabállase cun libro dixital e caderno de exercicios que empregamos como base para ir adquirindo as competencias e contidos. Con cada tema realizamos unha proba para avaliar a comprensión e produción escrita e oral.

Con que estudos/ itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

No Bacharelato, o francés pódese elixir e debe estar ofertado como materia optativa en todas as modalidades.

En Artes, o francés é importante no ámbito cultural e relaciónase coa arte, o cinema e a literatura. Algúns alumnos de Ciencias tamén poden elixir francés, útil para estudos en universidades francófonas. En Ciencias Sociais e Humanidades, pódese estudar Dereito, Xornalismo, Tradución e Interpretación, Turismo, Comercio Internacional, Relacións Internacionais, Comunicación Audiovisual, e Filoloxía Francesa. Algunhas universidades ofrecen programas de dobre titulación. Ademais, hai programas de mobilidade internacional como Erasmus+ e Bachibac, que permiten estancias en países francófonos e o acceso a prácticas profesionais neses países.

En FP, o francés pode ser un recurso cruce en varios ciclos formativos. En Grao Medio, inclúese en Actividades Comerciais, Servizos en Restauración e Xestión Administrativa. En Grao Superior, destácase en Comercio Internacional, Xestión de Vendas e Espazos Comerciais, e Administración e Finanzas. Tamén en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos. E preveese ampliar a oferta do Francés en ciclos formativos.

Para finalizar, ademais neste centro organizanse viaxes culturais e intercambios a países francófonos e tamén fomentase a través do **programa CUALE** a obtención do DIPLOMA da lingua francesa niveis A2, B1 e B2, moi útiles tanto nos estudos de ciclos coma na universidade.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Ao xefe do departamento de francés.

ORATORIA- 3º/4º ESO



IMPORTANTE: ESTA MATERIA OPTATIVA PODES CURSALA EN 3º OU EN 4º DE ESO (SÓ NUN DOS DOUS CURSOS).

A **oratoria** é a arte de comunicarse de maneira clara, efectiva e atractiva, adaptándose ao público e ás circunstancias. Esta materia, que podes elixir en 3º ou en 4º de ESO, é unha oportunidade perfecta para desenvolver habilidades fundamentais relacionadas co expresión oral e falar en público.

Na materia de Oratoria aprenderás a:

- Expresarte correctamente en público, mellorando a pronunciación, o ton, o ritmo e a linguaxe corporal.
- Argumentar e defender ideas con eficacia, empregando unha linguaxe adecuada e estruturada.
- Identificar e analizar diferentes tipos de discursos.
- Empregar ferramentas de persuasión e comunicación emocional para captar a atención da audiencia.

En resumo, esta materia trata de mellorar as competencias comunicativas, fundamentais no ámbito académico e social.

Na aula, realizarás actividades prácticas como:

- Preparar e presentar discursos sobre temas de interese de xeito individual ou en grupos.
- Participar en debates ou diálogos en grupo.
- Expor argumentos en situacións de conflito ou persuasión.
- Analizar discursos de figuras públicas ou materiais audiovisuais.

A avaliación basearase en:

- A calidade das túas presentacións orais, valorando aspectos como a estrutura, a claridade e a expresividade.
- A túa capacidade para participar en debates e traballos en grupo.
- A evolución e esforzo ao longo do curso.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A oratoria está estreitamente relacionada coa modalidade de Bacharelato de Humanidades e Ciencias sociais, se ben resultará útil independentemente da modalidade que curses. No ámbito profesional, as competencias desenvolvidas nesta materia son útiles en moitas áreas, como o xornalismo e os medios de comunicación, o dereito, os recursos humanos, a publicidade e as Relacións Públicas ou a docencia. Esta materia é un paso inicial para converterse nun comunicador eficiente e seguro, calidade cada vez máis valorada na sociedade actual.

Para máis información pregunta aos profesores do Departamento de Lingua castelá.

Subir

Materias 4º ESO (Curso 2025/26)

Horas	Ciencias	Humanidades e CCSS	Orientada a CM e FP
3	Lingua Galega e Literatura		
3	Lingua Castelá e Literatura		
3	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)		
3	Xeografía e Historia		
2	Educación Física		
1	Titoría		
4 horas	<u>Matemát. B</u> (académicas)	<u>Matemát. B (académicas)</u>	<u>Matemát. A (aplicadas)</u>
Dúas materias de opción 6 horas	<u>Bioloxía e Xeoloxía</u> <u>Física e Química</u>	<u>Economía e Emprendemento</u> <u>Latín</u>	<u>Form. e Orient. Persoal e Profesional (FOPP)</u> <u>Tecnoloxía</u>
Elixir unha materia de opción: 3 horas	<u>Dixitalización</u> <u>Expresión Artística</u> <u>Música</u> <u>Tecnoloxía</u>	<u>Dixitalización</u> <u>Expresión Artística</u> <u>Música</u>	<u>Dixitalización</u> <u>Expresión Artística</u> <u>Música</u>
Elixir unha materia optativa: 3 horas	<u>Cultura Clásica*</u> <u>Expresión Artística</u> <u>Filosofía</u> <u>Francés 2ª LE</u> <u>Música</u> <u>Oratoria*</u>	<u>Cultura Clásica*</u> <u>Expresión Artística</u> <u>Filosofía</u> <u>Francés 2ª LE</u> <u>Música</u> <u>Oratoria*</u>	<u>Cultura Clásica*</u> <u>Expresión Artística</u> <u>Filosofía</u> <u>Francés 2ª LE</u> <u>Música</u> <u>Oratoria*</u>
Elixir unha: 1 hora	Proxecto Competencial Relixión	Proxecto Competencial Relixión	Proxecto Competencial Relixión


* Cultura clásica e Oratoria poden escollelas os alumnos e alumnas que non as cursaron en 3º ESO.


**CONSULTA AS MATERIAS OPTATIVAS
CLICANDO SOBRE OS TEXTOS SUBLIÑADOS!!**

Matemáticas B

4º ESO

As matemáticas, ademais de ter un gran valor en si mesmas, son unha ferramenta fundamental na maioría das áreas do coñecemento. Atendendo á diversidade de motivacións e intereses sociais, culturais, académicos e tecnolóxicos, a materia de matemáticas do último curso da ESO configúrase en **dúas opcións, A e B**.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

As **matemáticas B** ademais de traballar a resolución de problemas e a investigación e a análise matemática de situacións da vida cotiá, profundan nos procedementos alxébricos, xeométricos, analíticos e estatísticos, incorporando contextos matemáticos, científicos e sociais. Abordaranse conceptos máis complexos que nos cursos anteriores, profundando en temas como as ecuacións, as funcións e a xeometría analítica e incorporando outros novos como a trigonometría e os logaritmos.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Realizaranse actividades variadas tanto en papel como no ordenador a través da aula virtual e utilizando ferramentas dixitais e software matemático específico como por exemplo Geogebra, todas elas encamiñadas a afianzar e ampliar os coñecementos matemáticos de cara a afrontar con éxito os estudos posteriores de bacharelato. A avaliación será continuada mediante táboas de indicadores e probas escritas e online. A cualificación dividirase nun 75% para os exames, un 10% para o traballo diario e un 15% para outras actividades avaliáveis presenciais e/ou online.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

As Matemáticas B están principalmente enfocadas ao alumnado que desexe continuar estudos de bacharelato en calquera das modalidades nas que as materias a traballar necesiten unha boa base matemática, é dicir, a de Ciencias e Tecnoloxía e a de Ciencias Sociais.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Para ampliar esta información ou consultar dúbidas podes dirixirte ao profesorado do Departamento de Matemáticas ou



Matemáticas A

4º ESO

As matemáticas, ademais de ter un gran valor en si mesmas, son unha ferramenta fundamental na maioría das áreas do coñecemento. Atendendo á diversidade de motivacións e intereses sociais, culturais, académicos e tecnolóxicos, a materia de matemáticas do último curso da ESO configúrase en **dúas opcións, A e B.**



Que vou aprender? De que trata esta materia?

As matemáticas A están orientadas a un enfoque xeral e aplicable, centrándose en aspectos básicos e desenvolvéndose preferentemente mediante a resolución de problemas en situacións da vida cotiá. Abórdanse basicamente os contidos estudados en cursos anteriores co fin de afianzar conceptos e procedementos esenciais.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Realizaranse actividades variadas tanto en papel como no ordenador a través da aula virtual e utilizando ferramentas dixitais e software matemático específico como por exemplo Geogebra, todas elas encamiñadas a afianzar e ampliar os teus coñecementos matemáticos. A avaliación será continuada mediante táboas de indicadores e probas escritas e online. A cualificación dividirase nun 75% para os exames, un 10% para o traballo diario e un 15% para outras actividades avaliáveis presenciais e/ou online.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten? As Matemáticas A están enfocadas ao alumnado que desexe continuar os seus estudos na Formación Profesional, incorporarse ao mundo laboral, ou incluso realizar un bacharelato nunha modalidade que non teña nin matemáticas nin materias afíns. É certo que se pode acceder a calquera bacharelato cursando esta materia pero, se para estudos posteriores se necesitan coñecementos matemáticos, o salto vai ser moi grande e as probabilidades de fracasar, altas.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado? Para ampliar esta información ou consultar dúbidas podes dirixirte ao profesorado do Departamento de Matemáticas ou



BIOLOXÍA E XEOLOXÍA- 4º ESO



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia afondarás os teus coñecementos sobre a célula, o lugar onde se desenvolven todas as funcións vitais, incluída a do ADN. Explorarás a Xenética Molecular, os avances da Enxeñería Xenética e as leis de Mendel para entender a herdanza. Ademais, descubrirás as principais teorías sobre a orixe da vida e a súa evolución ao longo do tempo.

Tamén coñecerás a formación da Terra dentro do Sistema Solar e o Universo, ademais da súa estrutura e procesos dinámicos. Estudarás os ecosistemas, como funcionan e que podemos facer para conservalos para as futuras xeracións.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Ao longo do curso, combinaranse explicacións con prácticas de laboratorio, proxectos de investigación e actividades, fomentando o pensamento crítico, creativo e científico.

A cualificación basearase en exames (80%), presentación de traballos de investigación (10%) e prácticas de laboratorio, actividades e participación diaria (10%).

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A materia está dirixida a quen queira seguir a rama de Ciencias no Bacharelato e a todos os que teñan curiosidade polos segredos da vida e da Terra.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Se necesitas máis información, a profesora Chus estará dispoñible para responder ás túas dúbidas, así como calquera docente de Bioloxía e Xeoloxía e o equipo de Orientación.

Subir

FÍSICA E QUÍMICA - 4º ESO



A materia de Física e Química contribúe a que o alumnado comprenda o funcionamento do universo e as leis que o gobernan, proporcionando os coñecementos, destrezas e actitudes da ciencia que permiten desenvolverse con criterio fundamentado nun mundo en continuo desenvolvemento científico, tecnolóxico, económico e social, promovendo accións e condutas que provoquen cambios cara a un mundo máis xusto e igualitario.

En **4º de ESO** e 1º de bacharelato, a FÍSICA E QUÍMICA divídese en **dous bloques**:

- A **QUÍMICA**, comeza cunha parte específica sobre destrezas científicas básicas que deben ser consideradas de maneira transversal ao longo do curso. A continuación, estúdase a descrición dos átomos, a súa estrutura, a súa ordenación na táboa periódica, así como o estudo da formación e as propiedades de elementos e compostos a través dos distintos tipos de ligazóns. Introdúcese o estudo ás reaccións químicas e a realización de cálculos estequiométricos, e termina coa formulación e nomenclatura de química orgánica.
- A **FÍSICA** comeza co estudo do movemento (a cinemática), as causas que producen o movemento (a dinámica) e por último, a enerxía (potencia, traballo e enerxía).

Para obter máis información sobre a materia, pódense poñer en contacto con Marta Fontán Rivas a través do correo: martafontan@edu.xunta.gal.

ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO

4º ESO

Que é Economía e Emprendemento?

A materia de Economía e Emprendemento axudarache a comprender conceptos clave sobre o funcionamento da economía e a importancia do emprendemento. Nun mundo en constante cambio, saber como xestionar recursos, analizar o mercado e crear proxectos innovadores é fundamental para o teu futuro.

Que vou aprender?

- Como funciona a economía e os mercados.
- Factores que afectan a oferta e a demanda.
- A importancia da inflación, o PIB e outros indicadores económicos.
- Como crear e xestionar unha empresa.
- Desenvolvemento de ideas de negocio e plan de empresa.

Que vou facer? ¿Como me van avaliar?

- ✓ Actividades prácticas: exercicios e simulacións sobre situacións económicas reais.
- ✓ Elaboración dun proxecto de emprendemento: deseño e presentación dun plan de negocio.
- ✓ Participación en concursos: competicións de ideas emprendedoras e proxectos empresariais.
- ✓ Probas escritas: exames para reforzar os conceptos clave.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia?

- Ciencias sociais e economía.
- Administración e dirección de empresas.
- Dereito e xestión de empresas.
- Ciclos formativos de comercio, contabilidade e finanzas.

A quen teño que solicitar máis información?

Se queres saber máis sobre a materia, consulta a Jose (josevc@freimartinsarmiento.com), profesor de economía.

**¡ANÍMATE A DESCUBRIR O MUNDO DA
ECONOMÍA E DO EMPRENDEMENTO PARA
CONSTRUIR O TEU PROPIO FUTURO!**



Subir

LATÍN - 4º DE ESO

Por que estudar Latín en 4º da ESO?

O latín é a lingua que se falaba na **Antiga Roma** hai máis de 2.000 anos e que durante dous milenios foi a lingua común europea, usada para a **transmisión da cultura**, a arte, a ciencia e a filosofía.



Do latín derivan as **linguas romances** (galego, castelán, francés, italiano, portugués...), as que se fan ao noso redor na actualidade. Do latín deriva tamén directamente unha grande parte do vocabulario de inglés.

Así, sempre que atopas en inglés unha palabra semellante e de significado similar a outra do galego ou castelán e porque sae do latín. En consecuencia estudar **Latín** será útil para a túa aprendizaxe de inglés, francés e, por suposto, de galego e castelán.

Amais, se tes interese por linguas como italiano ou portugués e sabes algo de latín, partirás cunha base de coñecemento común que facilitará a túa comprensión e aprendizaxe.

A **estrutura** do latín é un pouco diferente da que teñen estas linguas. Se prefires aprender idiomas máis afastados dos nosos coma son o **alemán** ou o **ruso**, verás que a súa organización interna ten un parecido abraiante coa do latín. Iso que temos gañado. Pero é que familiarizarse con estruturas deste tipo permítenos desenvolver o **razoamento lóxico** e mellorar a nosa comprensión e expresión mesmo na nosa propia lingua.

Por último, mencionar a influencia da tradición latina na nosa propia cultura. Acercarnos a culturas alleas permitíranos coñecer e apreciar mellor a propia.

Por isto e máis, Latín de 4º da ESO (e despois no Bacharelato) é unha materia que, á parte do seu interese e valor intrínsecos, resultará útil nos teus estudos, especialmente nos enfocados ás humanidades e ás artes.

Se desexas obter máis información sobre esta materia, consulta a Xan, xefe de departamento de Latín do IES Frei Martín Sarmiento.

[Subir](#)

TECNOLOXÍA - 4º ESO

Introdución

Esta materia é o teu billete para entender como funciona todo ese rolo tecnolóxico que usas cada día. Aquí aprenderás a resolver problemas reais, a darlle vida ás túas ideas e a crear cousas que realmente funcionan. Vas deseñar, programar e construír solucións chulas para desafíos actuais.



Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia vas tocar de todo:

- Deseño e fabricación: Farás deseños en 3D e verás como se fan realidade con impresoras 3D.
- Electrónica: Montarás circuitos que fan cousas útiles e flipantes.
- Programación e robots: Aprenderás a programar e a facer que os robots fagan o que ti queiras.
- Tecnoloxías que están petando forte: Internet das Cousas, Big Data e Intelixencia Artificial.
- Sistemas autónomos: Crearás aparellos que fan cousas sen que ninguén os controle.

Que vou facer? Como me van avaliar?

- Traballar en proxectos flipantes co teu equipo no taller
- Deseñar e construír inventos que realmente funcionen
- Programar robots (e presumir diso)
- Montar circuitos electrónicos (sen que salten chispas... ou iso esperamos!)
- Presentar os teus proxectos como un/ha auténtico/a crack

Como te avaliarán? Non só contan os exames! Valorarase:

- As túas ideas creativas e como as planificas
- Como aplicas o que aprendes nos teus deseños
- O ben que traballas en equipo
- Como explicas e vendes as túas ideas
- O ben que manexas as ferramentas dixitais
- Se tes en conta o medio ambiente

Con que estudos/itinerarios se relaciona? Que podo estudar despois?

- Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía (ideal para futuros/as enxeñeiros/as)
- Ciclos de Informática, Electrónica, Mecánica ou Enerxías Renovables

En que podo traballar no futuro?

- Enxeñaría de todo tipo (Informática, Telecomunicación, Industrial, Deseño Industrial...)
- Desenvolvemento de apps e videoxogos
- Robótica (si, alguén ten que programar os robots!)
- Enerxías renovables (porque o planeta necesita unha man)
- Control de sistemas e telecomunicacións

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

- Xefe do Departamento de Tecnoloxía do IES Frei Martín Sarmiento
- Orientador/a do centro
- Profesores/as de Tecnoloxía actuais

FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL

Que é a Formación e Orientación Persoal e Profesional?

Esta materia axudarache a coñecerte mellor, a identificar as túas habilidades e intereses, e a planificar o teu futuro académico e profesional. Tamén abordarás aspectos fundamentais para o teu benestar persoal, a igualdade e a toma de decisións responsables na vida adulta.

Que vou aprender?

- A identificar os teus puntos fortes e debilidades.
- A tomar decisións vocacionais e profesionais.
- Os diferentes itinerarios formativos e profesionais dispoñibles tras a ESO.
- A preparar un CV e afrontar unha entrevista de traballo.
- A importancia da igualdade, a corresponsabilidade e a xestión emocional.
- Coñecementos básicos sobre dereitos laborais e prevención de riscos no traballo.

Que vou facer? Como me van avaliar?

- ✓ Actividades prácticas: tests de autocoñecemento, simulacións e dinámicas de grupo.
- ✓ Elaboración dun itinerario persoal e profesional.
- ✓ Participación en proxectos e exposicións.
- ✓ Probas escritas: para consolidar conceptos clave sobre orientación e dereitos laborais.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia?

- Axuda a escoller entre Bacharelato ou Formación Profesional.
- Facilita a toma de decisións no teu camiño académico e laboral.
- Proporciona ferramentas para afrontar a transición á vida adulta.

A quen teño que solicitar máis información?

Se queres saber máis sobre a materia, consulta a Jose (josevc@freimartinsarmiento.com), profesor de economía.

EXPRESIÓN ARTÍSTICA

4º ESO



Introdución

Considérase unha persoa **creativa**? Interésache o mundo da **Arte** ou do **Deseño**? Gustaríache poder expresar as túas **ideas** ou **emocións** a través dunha **linguaxe persoal**? Esta materia ofrécete a oportunidade de **explorar e desenvolver** a túa **creatividade** a través de diversas **técnicas e medios artísticos** afondando na **expresión das túas emocións** e na **comprensión crítica das manifestacións artísticas**. Tamén supón unha **iniciación ao Debuxo Técnico** introdutora para as materias de Debuxo Técnico do Bacharelato.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia vas experimentar con diferentes técnicas de expresión artística, na busca dunha linguaxe persoal e afondando no coñecemento do patrimonio cultural e artístico. Aprenderás a comunicarte facendo **debuxo, pintura, gravado, volume, fotografía, audiovisuais, banda deseñada, publicidade, deseño...** a través de proxectos artísticos. Tamén poderás desfrutar de **exposicións, películas, charlas ou traballo ao aire libre**.

Que vou facer (como me van a avaliar)?

Vas a **desenvolver unha linguaxe persoal** traballando coas **técnicas tradicionais** das artes e coas **novas tecnoloxías audiovisuais**. Aprenderás a comprender as **diferentes linguaxes artísticas** e a **valorar o patrimonio cultural**. Traballarás de forma práctica aprendendo a **argumentar de forma crítica os teus puntos de vista**. Aprenderás a traballar individualmente e en grupo.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Bacharelato de Artes, e ciclos formativos relacionados coa Ilustración, Artes Plásticas, Deseño, Fotografía, Audiovisuais, Publicidade e comunicación visual, etc.

Para máis información, pregunta por **Belén** ou **Tatiana**, profesoras do Departamento de Artes Plásticas.

[Subir](#)

DIXITALIZACIÓN - 4º ESO

Introdución

Hoxe en día moito do que te rodea é dixital: móbiles, redes sociais, intelixencia artificial... e cada vez a tecnoloxía ten máis peso na nosa vida. Pero sabes realmente como funciona? Nesta materia vas descubrir o que hai detrás do mundo dixital e aprenderás a usalo de forma intelixente e segura.



Nesta materia vas mergullarte no funcionamento do mundo dixital desde unha perspectiva práctica e útil. Verás como se comunican os dispositivos a través das redes, como se organiza a información nos ordenadores, e que ferramentas existen para crear e compartir contidos dixitais. Tamén aprenderás a recoñecer os riscos e ameazas na internet, a protexer a túa identidade dixital e a actuar con responsabilidade nas redes.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Se che interesa a tecnoloxía, aquí vas atopar cousas que realmente che poden servir. Aprenderás:

- Como funcionan os ordenadores, internet e as redes.
- A protexer a túa información e navegar de forma segura.
- A crear contidos dixitais, como imaxes ou páxinas web.
- A entender que é a intelixencia artificial e o seu impacto.
- A usar a tecnoloxía de maneira responsable e crítica.

Que vou facer? Como me van avaliar?

Aquí non se trata só de estudar teoría, senón de poñerse mans á obra:

- Facer proxectos e actividades prácticas.
- Resolver problemas reais con ferramentas dixitais.
- Traballar en equipo e participar na clase.

A nota dependerá de:

- O traballo nos proxectos e tarefas.
- Como participes na aula.
- A túa capacidade para aplicar o aprendido.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

Se no futuro queres estudar algo relacionado coa tecnoloxía, este curso vaiche vir moi ben para:

- Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.
- Ciclos formativos de informática, deseño, robótica ou ciberseguridade.

E cando toques o mundo laboral, podes meterte en sectores como:

- Informática e programación.
- Deseño gráfico e audiovisual.
- Robótica e automatización.
- Ciberseguridade.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

- Xefe/a do Departamento de Tecnoloxía do IES Frei Martín Sarmiento
- Orientador/a do centro
- Profesores/as de Tecnoloxía actuais

MÚSICA- 4º ESO



Na materia de **música de 4º da ESO** os alumnos van traballar as seguintes competencias:

- Ser capaz de analizar obras de diferentes épocas e culturas, identificando os seus principais trazos estilísticos e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e da danza como fonte de gozo e enriquecemento persoal.
- Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e de danza, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.
- Interpretar pezas musicais e de danza, xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.
- Crear propostas artístico-musicais, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas, para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.

A avaliación farase en grupo e individualmente, en relación coa adquisición que o alumno faga desas catro competencias.

Esta materia relaciónase especificamente co itinerario do bacharelato musical e de artes escénicas, ademais de ciclos medios relacionados coas actividades audiovisuais. As súas saídas profesionais están vinculadas ás saídas profesionais deses itinerarios (estudos no conservatorio de música, en escolas de arte dramática, de danza, etc.).

O alumnado interesado pode solicitar máis información aos profesores do departamento de música do instituto.

[Subir](#)

CULTURA CLÁSICA- 3º/ 4º ESO

Por que estudar Cultura Clásica na ESO?

**Porque nos interesa, porque nos gusta,
porque nos apetece, porque é útil, porque é
parte de nós**

**IMPORTANTE: ESTA MATERIA OPTATIVA
PODES CURSALA EN 3º OU EN 4º DE ESO
(SÓ NUN DOS DOUS CURSOS).**

É posible que o que vas ler parezan demasiadas cousas a un tempo, pero pensa que aquí só ofertamos unha introdución a esta cultura antiga que tanto aporta ao noso mundo actual.



Xa estudaches historia de Galicia, de España, de Europa, do mundo: coñeces a importancia que gregos e romanos coas súas literaturas, colonias, guerras e imperios teñen na historia do mundo enteiro. Moitos dos contidos que investigarás en Cultura Clásica conectan cos de outras materias. Porque aquí atoparás unha introdución a Grecia e Roma, á súa historia, mitoloxía, arte, arquitectura, ciencia, vida cotiá, mesmo ao teatro e á literatura e aos diversos tipos de escrituras antigas que aínda usamos na actualidade.

Porque toda a nosa literatura está influída pola grega e a romana. Isto inclúe novela, poesía, teatro... Pero ademais, todos estas tradicións aparecen tamén no cine, as series de televisión e mesmo nos videoxogos. Cantos máis coñecementos teñas sobre Cultura Clásica, mellor comprenderás moitas destas obras aínda que a relación non sexa sempre evidente.

En resumo, Cultura Clásica é unha materia que resultará moi útil nos teus estudos, na túa cultura xeral e na túa habilidade para comprender e desfrutar mellor do mundo que te rodea mesmo nas túas actividades de ocio.

Se queres máis información sobre a materia, consulta co xefe do departamento do IES Frei Martín Sarmiento.

FILOSOFÍA - 4º ESO



A filosofía non consiste en memorizar grandes nomes, senón en aprender a pensar por ti mesmo. Filosofar é moito máis que aprender teoría: é aprender a mirar o mundo con profundidade, a desafiar ideas establecidas e atopar sentido nas pequenas cousas. Porque cando comezas a pensar de verdade, a túa visión da vida cambia para sempre.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Nesta materia, iniciaraste en cuestións fundamentais sobre a vida, a conciencia persoal, a liberdade, a existencia e a realidade, explorando ideas de pensadores e pensadoras que, ao longo da historia, cambiaron o mundo coas súas reflexións. A través de debates, reflexións e preguntas provocadoras, fortalecerás o pensamento crítico, a argumentación e a capacidade de analizar problemas dende diversas perspectivas.

Que vou facer? Como me van avaliar?

A materia avaliarase a través dos traballos de investigación e o traballo na aula: as actividades, esquemas e tarefas na aula virtual conectarán teoría e práctica.

Sen exames, a cualificación terá en conta os traballos de investigación e todo o traballo feito na aula: actividades de aplicación de contidos teóricos a cuestións actuais, os debates, a reflexión sobre dilemas morais e sociais, a análise de textos... O obxectivo da avaliación non será só medir coñecementos, senón valorar a capacidade de formular preguntas, desenvolver argumentos sólidos e enriquecer a visión do mundo.

Con que estudos se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A materia de Filosofía de 4º de ESO está vinculada ao Bacharelato, xa que é unha ponte cara estudos superiores en áreas que requiren pensamento crítico e unha comprensión profunda de conceptos abstractos. Sen embargo, a Filosofía tamén abre as portas da investigación, asesoramento ético, crítica cultural, xestión pública, e incluso do marketing ou á análise de datos, onde o razoamento e a argumentación son claves. Ademais, é unha base sólida para estudos que conleven diálogo, interpretación e solución de dilemas complexos.

A súa utilidade supera o académico e profesional, xa que nivel persoal, a filosofía ensínanos a reflexionar sobre a nosa vida e a nosa sociedade e a fortalecer a capacidade de toma de decisións. Axúdanos a desenvolver unha visión máis profunda e equilibrada sobre o mundo, fomentando unha mente aberta e unha maior comprensión das emocións e dos valores que guían a vida cotiá.

O alumnado interesado poderá solicitar máis información no departamento de Filosofía

Subir

FRANCÉS - 4º ESO



Introdución

A materia de Segunda Lingua Estranxeira: Francés en 3º e 4º de ESO ten como finalidade proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para comunicarse en francés en contextos básicos, á vez que se fomenta unha actitude aberta e respectuosa cara á diversidade lingüística e cultural. Esta materia ofrécese como optativa no bloque de materias específicas. Para cursar o francés en 3º e 4º de ESO, é recomendable cursar os niveis previos para ter unha base sólida en vocabulario e gramática.

Que vou aprender? De que trata esta materia?

Aprender un idioma é como abrir unha porta a un mundo novo. É moito máis que memorizar palabras e regras gramaticais; é aprender a comunicarte, entender outras culturas e ver o mundo desde unha perspectiva diferente. E non se trata só de falar perfectamente. Trátase de atreverse a tentar, cometer erros e aprender deles. Cada vez que te equivocas, estás un paso máis preto de dominalo.

Que vou facer? Como me van avaliar?

A materia trabállase cun libro dixital e caderno de exercicios que empregamos como base para ir adquirindo as competencias e contidos. Con cada tema realizamos unha proba para avaliar a comprensión e produción escrita e oral.

Con que estudos/ itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

No Bacharelato, o francés pódese elixir e debe estar ofertado como materia optativa en todas as modalidades.

En Artes, o francés é importante no ámbito cultural e relaciónase coa arte, o cinema e a literatura. Algúns alumnos de Ciencias tamén poden elixir francés, útil para estudos en universidades francófonas. En Ciencias Sociais e Humanidades, pódese estudar Dereito, Xornalismo, Tradución e Interpretación, Turismo, Comercio Internacional, Relacións Internacionais, Comunicación Audiovisual, e Filoloxía Francesa. Algunhas universidades ofrecen programas de dobre titulación. Ademais, hai programas de mobilidade internacional como Erasmus+ e Bachibac, que permiten estancias en países francófonos e o acceso a prácticas profesionais neses países.

En FP, o francés pode ser un recurso cruce en varios ciclos formativos. En Grao Medio, inclúese en Actividades Comerciais, Servizos en Restauración e Xestión Administrativa. En Grao Superior, destácase en Comercio Internacional, Xestión de Vendas e Espazos Comerciais, e Administración e Finanzas. Tamén en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos. E preveese ampliar a oferta do Francés en ciclos formativos.

Para finalizar, ademais neste centro organizanse viaxes culturais e intercambios a países francófonos e tamén fomentase a través do **programa CUALE** a obtención do DIPLOMA da lingua francesa niveis A2, B1 e B2, moi útiles tanto nos estudos de ciclos coma na universidade.

A quen ten que solicitar máis información o alumnado interesado?

Ao xefe do departamento de francés.

ORATORIA- 3º/4º ESO



IMPORTANTE: ESTA MATERIA OPTATIVA PODES CURSALA EN 3º OU EN 4º DE ESO (SÓ NUN DOS DOUS CURSOS).

A **oratoria** é a arte de comunicarse de maneira clara, efectiva e atractiva, adaptándose ao público e ás circunstancias. Esta materia, que podes elixir en 3º ou en 4º de ESO, é unha oportunidade perfecta para desenvolver habilidades fundamentais relacionadas co expresión oral e falar en público.

Na materia de Oratoria aprenderás a:

- Expresarte correctamente en público, mellorando a pronunciación, o ton, o ritmo e a linguaxe corporal.
- Argumentar e defender ideas con eficacia, empregando unha linguaxe adecuada e estruturada.
- Identificar e analizar diferentes tipos de discursos.
- Empregar ferramentas de persuasión e comunicación emocional para captar a atención da audiencia.

En resumo, esta materia trata de mellorar as competencias comunicativas, fundamentais no ámbito académico e social.

Na aula, realizarás actividades prácticas como:

- Preparar e presentar discursos sobre temas de interese de xeito individual ou en grupos.
- Participar en debates ou diálogos en grupo.
- Expor argumentos en situacións de conflito ou persuasión.
- Analizar discursos de figuras públicas ou materiais audiovisuais.

A avaliación basearase en:

- A calidade das túas presentacións orais, valorando aspectos como a estrutura, a claridade e a expresividade.
- A túa capacidade para participar en debates e traballos en grupo.
- A evolución e esforzo ao longo do curso.

Con que estudos/itinerarios se relaciona esta materia? Que saídas profesionais ten?

A oratoria está estreitamente relacionada coa modalidade de Bacharelato de Humanidades e Ciencias sociais, se ben resultará útil independentemente da modalidade que curses. No ámbito profesional, as competencias desenvolvidas nesta materia son útiles en moitas áreas, como o xornalismo e os medios de comunicación, o dereito, os recursos humanos, a publicidade e as Relacións Públicas ou a docencia. Esta materia é un paso inicial para converterse nun comunicador eficiente e seguro, calidade cada vez máis valorada na sociedade actual.

Para máis información pregunta aos profesores do Departamento de Lingua castelá.

Subir